



(SECRETARÍA)
EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA
PONTEVEDRA

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTES CONCELLO O 3 DE NOVEMBRO DE 2016
--

LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

TIPO DE SESIÓN: ORDINARIA CONVOCATORIA: PRIMEIRA
--

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO P.P.

D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN
Concelleiro (Actuando como Alcalde en funcións)

DNA. AMALIA GOLDAR CORA
Concelleira

D. ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS
Concelleiro do PP

D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA
Concelleira

D. MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA
Concelleiro

DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA
Concelleira

D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR
Concelleiro

DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE
Concelleira

D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS
Concelleiro

GRUPO PsdeG-PSOE

DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES
Concelleira

DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE
Concelleira

DNA. ANA ASOREY BREA
Concelleira do PsdeG-PSOE

D. LUIS RENDO ARAUJO
Concelleiro

D. MANUEL FERNÁNDEZ CERDEIRA
Concelleiro

D. EDUARDO JOSÉ DAVILA RODRÍGUEZ
Concelleiro

DNA. SILVIA NEIRA IGLESIAS
Concelleira

GRUPO MÓVETE

DNA. MARÍA DEL MAR BLANCO CASAIS
Concelleira

GRUPO BNG

D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS
Concelleiro do BNG

SECRETARIA

DNA. LUCÍA ARTIME ALONSO

INTERVENTORA ACCTAL.

DNA. ROSA M^a MÉNDEZ ARAGUNDE

INFÓRMATICO

D. DIEGO PERNAS

FALTAN Á SESIÓN

Sr. ALCALDE, D. José C. López Campos
Alcalde-Presidente - PP

D. ALBERTO BLANCO CARRACEDO
Concelleiro do PP

D. ROMÁN SUÁREZ PORTO
Concelleiro do PsdeG-PSOE

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas trinta minutos do día tres de novembro de dous mil dezaseis, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocadada para as vinte horas trinta minutos, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a Secretaria Acctal. do Concello, Dna. M^a Jesusa Fernández Bascuas.

A sesión celébrase previa convocatoria, dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión polo Sr. Alcalde en funcións, dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA DO 6 DE OUTUBRO DE 2016. Apróbase por unanimidade a acta da sesión plenaria celebrada o día 6 de outubro de 2016, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

2º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE RURAL E MEDIO AMBIENTE EN RELACIÓN Á MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS INSTANDO ÁS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS TITULARES DE VIAIS QUE ATRAVESAN O TERMO MUNICIPAL DA ESTRADA PARA A IMPLEMENTACIÓN DE ACTUACIÓNS DE MELLORA.

O **Sr. Alcalde en funcións**, en calidade de Presidente, explica este punto dicindo que se trata dunha moción conxunta resultado do traballo entre todos os grupos políticos na Comisión Informativa de Medio Rural e Medio Ambiente e que ten por obxecto instar ás distintas administracións públicas titulares de viais que pasan polo término municipal para que procedan a mellorar os seus trazados, firmes e pintados das beiras das estradas. Así mesmo di que cando estean implicadas dúas administracións, se procederá a instar ás dúas co gallo de saber cal é a responsable das obras que se solicitan.

Toma a palabra a voceira do PSdeG-PSOE, **Dna. Belén Louzao**, quen solicitan que na moción conxunta, no punto que fala das estradas da Xunta de Galicia, concretamente cando se fai referencia á PO-214, no segundo parágrafo que se refire ao ancho de plataforma, se cite a ponte sita entre a parroquia de Baloiira e San Xiao de Veá, á altura de Vilanova, porque se trata dunha ponte colocada xusto nunha curva, existindo dificultades para o paso de dos vehículos.

Intervén o voceiro do BNG, **Sr. Xosé Magariños**, solicitando que na dita moción, cando se refire ao mesmo vial PO-214, no seu enlace coa PO-841, concretamente no desvío a Pontecesures, existe unha forte pendente con dobre línea continua, sendo necesario un carril de desaceleración para os vehículos que se incorporen á PO-214; polo que solicita que se engada este punto na moción. Aclara que esta proposta é un traslado dunha solicitude veciñal.

Non habendo máis intervencións procedese á votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a moción conxunta de todos os grupos políticos municipais que se transcribe de seguido:

*“Os grupos políticos integrantes do Pleno Municipal do Concello da Estrada, de acordo co establecido nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sexa presentada para o seu debate e aprobación polo Pleno unha MOCIÓN relativa a **INSTAR ÁS ADMINISTRACIÓNS TITULARES DE VIAIS NON MUNICIPAIS QUE DISCURREN POLO CONCELLO DA ESTRADA, PARA QUE LEVEN A CABO MELLORAS DA SEGURIDADE E MANTEMENTO DOS MESMOS.***

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello da Estrada, conta no seu territorio preto de 250 km de vías de comunicación que son titularidade do Ministerio de Fomento, Xunta de Galicia e Deputación de Pontevedra, responsables do seu mantemento e de procurar que o seu trazado e firme sexa o mais axeitado para a súa seguridade das vías.

O paso do tempo, a proliferación de arboredo que afecta que afectan tanto as capas de compactación como ó firme, fai necesario levar a cabo unha serie de obras de conservación para que estas infraestruturas se manteñan nas mellores condicións posibles. Asemade, no momento da execución inicial, ou o ben polo desenrolo das zonas onde están implantados, fan que hoxe en día estas infraestruturas non teñan o trazado nin a anchura axeitada que garanta a seguridade dos usuarios.

Unha renovación do firme, un cambio de trazado, o pintado de sinais horizontais e marcado de carrís ou a construción de infraestruturas accesorias que protexan aos peóns, son obras necesarias para acadar unha rede viaria o mais seguras posibles.

As obras que é necesario levar a cabo son,

Estradas de titularidade do Ministerio de Fomento

- *N-640, sería necesario unha reposición do firme en profundidade en xeral, e na entrada da Estrada, a zona dende o Alto da Cruz ata o pobo, un firme o mais antideslizante posíbel por ser unha zona con alto risco de accidentes por saídas de vía.*
- *Outra obra importante e a confluencia da estrada EP-7013 coa N-640, xa que a conexión feita no seu día debido a súa gran pendente e o seu trazado crea un punto de gran perigo para o tráfico pesado chegando a impedir nalgún caso o paso polo mesmo.*
- *N- 525, estrada con un elevado volume de tráfico, non só de vehículos lixeiros senón de tráfico pesado que convive con persoas que empregan esta vía na súa vida cotiá, é preciso:*
 - *Modificar o trazado do cruce do vial EP-7017 o seu paso pola parroquia de Oca no lugar de Balboa, e a intersección da estrada PO-213 na parroquia de Arnois.*
 - *Dotación de carril de vehículos lentos nos tramos necesarios.*
 - *Implantación de espazos axeitados para as paradas de autobuses de liñas regular como escolar.*

Estradas titularidade da Xunta de Galicia

- *PO-214, como actuación inmediata sería preciso unha mellora do firme, a apertura de foxos o seu paso polos distintos núcleos de poboación, así como a tala das arbores de gran tamaño que están na beira da estrada e que son propiedade da Comunidade Autónoma.*
Neste mesmo vial, no enlace coa PO-841, no desvío a Pontecesures existe unha forte pendente con dobre línea continua, sendo necesario un carril de desaceleración para os vehículos que se incorporen á PO-214.
- *Nesta estrada polo gran tránsito de tráfico pesado e o estreito da súa capa de rodadura, é necesario elaborar e executar un proxecto na mellora do trazado das curvas perigosas, a par que se aumente o ancho da plataforma e se dote de elementos de reforzo en materia de seguridade, especialmente na ponte sita entre a parroquia de Baloira e a de San Xiao de Veá, á altura de Vilanova.*
- *PO-213 e PO-222, precisan ámbalas dúas un repintado das liñas do firme, e elaborar un proxecto para a implantar unha variante as zonas de mais perigo de esta estrada, tanto pola sinuosidade do trazado como polo ancho do mesmo.*
- *PO-841, repintado de tramos da estrada en diferentes puntos da mesma onde debido as persistentes néboas e chuvias fan case imperceptibles o trazado da vía. Nesta estrada atópanse tres puntos críticos que precisan de unha solución o mais axiña posíbel:*
 - *Na intersección da estrada EP-7005 ca PO-841 á altura da parroquia de Toedo, sería preciso habilitar un carril de aceleración para que os vehículos que se incorporen á mesma o fagan con seguridade.*
 - *Antes de chegar ao lugar da Panadería da parroquia de Santa Cristina de Veá é necesario acondicionar un firme un firme o mais antideslizante posíbel por ser unha zona con alto risco de accidentes por saídas de vía.*
 - *No lugar de Souto de Veá crear un sistema de seguridade (paso elevado, paso soterrado, semaforos, ...) axeitado á zona, que permita aos viandantes cruzar esta estrada con seguridade, xa que é o unico punto de acceso ao Centro Médico.*

Estradas titularidade da Deputación de Pontevedra

Unha actuación xeralizada nas estradas de titularidade provincial, é o desbroce de todas as vías debido a que neste ano non se levou a cabo ningunha acción encamiñada a eliminación do mato que prolifera nas beiras do asfalto o que motiva que os peóns non poden circular polo arcén o que crea un gran perigo para os viandantes e os automobilistas.

- *EP-7016, elaborar e executar un proxecto para mellorar o traza da confluencia de esta estrada na N-640 o tempo que se mellora a seguridade dos viandantes e vehículos, eliminando o tramo estreito e sinuoso que remata na estrada de titularidade do Ministerio de Fomento.*
- *EP-7001, a intersección da estrada que ven dende a parroquia de Parada, á altura do Arnado, precisa de maneira urxente habilitar un carril de aceleración para a incorporación dos vehículos, debido a que este é un punto de moi pouca visibilidade o que xa ten provocado un gran número de accidentes de gravidade.*
- *EP-7006, continuar coa mellora da plataforma de esta estrada continuando dende o punto que se levou a cabo fai uns anos, deixando parte da mesma sen realizar ningunha mellora.*
- *EP-7013, pintado da estrada e recollida de augas no lugar de Castrovite da parroquia de Orazo.*
- *EP-7017, exixir a empresa adxudicataria das obras de mellora levadas nesta estrada fai pouco tempo ao seu paso pola parroquia de Oca, a colocación de sistemas de seguridade que evite a caída de pedras á calzada dende o desmonte feito, e a colocación de sinais verticais que limiten a estrada no tramo preto á ponte do río Riobó para evitar confusión dos condutores co tramo de estrada vella”.*

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Medio Rural e Medio Ambiente en sesión do 27/10/2016.

ACORDAMOS:

Instar aos organismos titulares das estradas o compromiso para levar a cabo as obras e melloras relatadas na exposición de motivos da moción transcrita anteriormente, así como unha calendarización de execución das mesmas dotando economicamente nos orzamentos da administración titular do ben.

3º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, EDUCACIÓN E IGUALDADE EN RELACIÓN Á DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CONXUNTA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DA ESTRADA CON MOTIVO DO 25 DE NOVEMBRO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.

O Sr. Presidente outorga a palabra a Concelleira de Benestar Social, **Dña. Amalia Goldar**, para que proceda á exposición do punto a tratar, quen comeza dicindo que, como é habitual ao chegar o 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero, todos os grupos políticos municipais chegan a unha moción conxunta para adoptar unha serie de compromisos e medidas co gallo de acadar nun futuro o remate definitivo da lacra da violencia contra a muller.

Polo manifestado, a Sra. Goldar, da lectura á moción asinadas por todos os grupos políticos municipais e aprobada por unanimidade na Comisión Informativa celebrada ao respecto.

Pide a palabra a voceira socialista, **Dña. Belén Louzao**, para dicir que ano tras ano, nestas datas, plantéxase unha moción de todos os grupos municipais para manifestar a condena contra a violencia de xénero, lembrando que a violencia contra a muller ten a súa raíz nas profundas desigualdades que hai na sociedade, sociedade tamén discriminatoria, polo que é necesario loitar para a súa erradicación definitiva. Di que todos os anos o Concello da Estrada efectúa campañas de sensibilización e pon en marcha políticas de prevención, pero, sen embargo, considera que se debería de dotar de máis orzamento este tipo de iniciativas para reforzar o apoio ás mulleres maltratadas e á política de igualdade, ofrecendo máis axudas ás persoas afectadas do noso concello, non esquecendo aquelas mulleres que no pasado sufriron tanto e que non contaron con ningún tipo de axuda ou apoio. Polo anterior di que o seu grupo político se suma á iniciativa que se está a levar dende Nacións Unidas para conmemorar o 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero, mostrando o seu firme rexeitamento á violencia contra as mulleres e a súa firme mostra de apoio para seguir loitando co fin de que sexa eliminada a lacra da dita violencia.

Toma a palabra a voceira do grupo MÓVETE, **Dna. Mar Blanco**, quen comeza dicindo que valora positivamente esta declaración institucional conxunta, pero non quere que quede nunha simple declaración de intencións, senón que é necesario continuar traballando conxuntamente para acadar unha sociedade igualitaria entre homes e mulleres, así como traballar en políticas concretas para apoiar e axudar ás mulleres que están a sufrir violencia machista e lograr unha igualdade en salarios, así como traballar en políticas de prevención mediante a educación, etc, considerando que dende o Concello se debe de poñer en práctica este tipo de iniciativas. Polo dito, manifesta a súa intención de seguir traballando de xeito conxunto para poñer en marcha as nomeadas políticas, sendo necesario visualizar esta problemática social sumándose o Concello á iniciativa estatal denominada "En Negro"; a este respecto na Comisión Informativa o seu grupo solicitou que o Concello convocara á ACOE para plantexar a unión a esa campaña en colaboración cos comerciantes e co sector hosteleiro; neste punto explica que dita campaña consiste en vestir de negro os comercios e a hostelería co fin de visualizar o rexeitamento á violencia contra a muller. A Sra. Blanco di que é consciente de que é tarde para levar a cabo a nomeada campaña, sen embargo se pode convocar unha reunión para levala a cabo no vindeiro ano. Remata dicindo que non só é necesario traballar en políticas de rexeitamento da violencia de xénero, senón en aquelas que fomenten a prevención.

Intervén o voceiro do BNG, **D. Xosé Magariños**, para manifestar a súa satisfacción por chegar a esta moción conxunta, pero, sen embargo, considera que queda moito por facer para arradicar a violencia machista, debendo ser unha prioridade esencial tanto no espazo da política como no social. Considera que se debería traballar día a día contra esa grave situación, tanto na rúa como nas institucións, e non caer na falsa imaxe de que, porque sexa máis visible que anos anteriores e haxa un marco legal máis amplo sexa suficiente. Di que é necesario erradicar a violencia machista en todos os seus campos (física, psíquica, económica, etc.) mediante a súa visualización día a día.

O **Sr. Alcalde en funcións**, remata o turno de intervencións dicindo que alégrase que todos estén de acordo para condenar a violencia contra a muller e poñer os medios necesarios para loitar contra ela e acadar unha sociedade igualitaria. Traslada que, dende o seu grupo, se tramitou unha invitación á ACOE para tomar medidas conxuntas que fagan máis visible esta problemática social, estando nestes momento en espera de resposta. Por outra banda, di que para erradicar este problema é necesario traballar dende as bases, que é a educación, e así en tempos futuros se poderá falar deste grave problema vendo para o pasado.

Non habendo máis intervencións procedese á votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a moción conxunta de todos os grupos políticos municipais que se transcribe de seguido:

"Exposición de motivos

Os grupos que forman parte do pleno da Corporación da Estrada, PP, PSOE, BNG e MOVETE, con motivo do Día Internacional contra a Violencia de Xénero o 25 de novembro, queren renovar o seu firme compromiso na loita contra a violencia de xénero e reafirmar, unha vez máis, a nosa solidariedade incondicional coas vítimas desta terrible violencia.

A violencia de xénero é un problema de todos e cada un dos galegos e galegas. Todos debemos tomar plena conciencia deste drama. Cada vez que unha muller é maltratada ou é asasinada, fracasa toda a sociedade. Debemos ser contundentes na loita contra a violencia de xénero, xa que é unha vulneración inadmisíbel dos dereitos fundamentais da muller.

No ano 1980, as Nacións Unidas definiron a violencia contra a muller como "o crime encuberto máis frecuente do mundo", unha realidade que ocorre todos os días e se produce moi cerca nós, un drama que, desgrazadamente, as veces transcende cando xa é demasiado tarde para as mulleres. Porque cada caso, cada situación, é un fracaso colectivo. Tamén reconece a "violencia contra as mulleres" como unha manifestación das relacións de poder historicamente desiguais entre os sexos que, de feito, impide a

igualdade plena das mulleres, xa que é a violencia un dos mecanismos sociais para manter a súa situación de subordinación.

A violencia de xénero nunca ten xustificación, o maltratador utiliza as vexacións, o illamento da vítima, incluso a violencia contra os fillos e fillas como forma de control sobre a súa parella ou ex parella. Po iso, correspóndelles a toda a sociedade e aos poderes públicos, facer o posible para afondar na súa erradicación e avanzar nunha maior implicación da sociedade na eliminación desta dramática forma de violencia. Estamos ante unha situación que cualificamos como feminicidio, unha forma de terror propia que sofren as mulleres e que é un termo que ten dúas dimensións claras. Por unha banda, unha dimensión política que presenta o asasinato e a morte de mulleres como un dos ataques máis graves contra os dereitos humanos, a súa integridade moral e a súa liberdade e, por outra, unha dimensión social que sinala os factores de discriminación social que conflúen nas mulleres, converténdoa en especialmente vulnerables aos ataques contra a vida.

Debemos reprobar con toda contundencia as condutas violentas, apoiar as vítimas e pór o esforzo común na educación das xeracións máis novas, para que, a través da prevención e da formación, sexamos capaces de eliminar esta lacra intolerable.

En virtude do exposto, o pleno da Corporación da Estrada ACORDA:

- Fomentar que, en materia de violencia de xénero, as accións estean baseadas nos principios da prevención, a atención e a integración social, implementando esta perspectiva en todos os recursos asistenciais existentes.

- Manter e mellorar a dotación orzamentaria e facilitar o acceso ás axudas económicas de violencia de xénero para promover o fortalecemento da independencia económica, política e social das mulleres.

- Desenvolver liñas de acción con criterio interinstitucional, destinadas a estimular a corresponsabilidade de toda a sociedade, e da xente mais nova, ampliando a protección das vítimas, incluíndo as mulleres e os seus fillos e fillas.

- Promover actuacións de sensibilización social nos centros educativos e coas entidades sociais do ámbito municipal.”

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Benestar Social, Educación e Igualdade, en sesión do 27/10/2016.

ACORDAMOS:

Primeiro.- Fomentar que, en materia de violencia de xénero, as accións estean baseadas nos principios da prevención, a atención e a integración social, implementando esta perspectiva en todos os recursos asistenciais existentes.

Segundo.- Manter e mellorar a dotación orzamentaria e facilitar o acceso ás axudas económicas de violencia de xénero para promover o fortalecemento da independencia económica, política e social das mulleres.

Terceiro.- Desenvolver liñas de acción con criterio interinstitucional, destinadas a estimular a corresponsabilidade de toda a sociedade e da xente mais nova, ampliando a protección das vítimas, incluíndo as mulleres e os seus fillos e fillas.

Cuarto.- Promover actuacións de sensibilización social nos centros educativos e coas entidades sociais do ámbito municipal.

4º.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 30 DE SETEMBRO DE 2016 (AMBOS OS DOUS INCLÚIDOS). Dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre o 1 e o 30 de setembro de 2016 (ambos os dous incluídos), e que van dende o nº 793/2016 ao nº 915/2016 (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

5°.- ROGOS E PREGUNTAS

Comeza o turno de rogos e preguntas a voceira do Partido Socialista, **Dna. Belén Louzao**, reinterando a inqueda da do seu grupo político por saber o que está a facer o grupo de goberno para solucionar o problema de verquidos na N-640, á altura do Supermercado DIA. A súa reiteración provén da proximidade da época de choiva e, como en anos anteriores, se volver a producir a lamentable imaxe de ver na cuneta os desperdicios dos sumidoiros; de feito, o pasado domingo as persoas que paseaban por esas beirarrúas xa podían sufrir a imaxe e o cheiro que producían os restos procedentes dos sumidoiros nese punto. Polo anterior pregunta que pensa facer o grupo de goberno para solucionar ese problema, xa que durante 5 anos se fala continuamente del pero, sen embargo, a día de hoxe non se ha solucionado, polo que pide que se arranxe de xeito inmediato.

Responde o **Sr. Alcalde en funcións**, D. Juan M. Constenla, de que se está intentando arranxar e corrixir dito problema, de feito utilizáronse cámaras para saber de onde proceden ditos verquidos, atopándose que nalgúns puntos a rede de abastecemento estaba conectada á rede de pluviais e, neste momento, se está a estudar a solución máis axeitadas, polo que lle di á Sra. Louzao que se lle contestará por escrito.

A **Sra. Belén Louzao** di que, unha vez máis, se lle da a mesma contestación pero agardarán polas resposta mediante escrito e, o que é o máis importante, agarda a solución do problema.

Continuando no seu turno, pon enriba da mesa outros problemas, un deles é se o grupo de goberno atopou o encaxe económico para solucionar o problema da cúpula da Casa do Concello e do pararraios antes de comece o inverno.

A esta última pregunta o **Sr. Alcalde en funcións** contesta que se lle dará resposta por escrito.

Continúa a **Sra. Louzao** recordando que o seu grupo presentou varias demandas trasladadas polos veciños de Arca e Sabucedo, e quería saber se as mesmas foron atendidas, porque os veciños lle preguntan se teñen que agardar aos novos orzamentos ou a unha nova lexislatura. Está a falar, entre outras, ás demandas relativas ao arranxo do parque infantil de Sabucedo, á colocación dunha barandilla no mesmo, ás inundacións existentes na parroquia de Souto (causadas pola falta de limpeza de cunetas no lugar de A Toxeira que dan lugar a inundacións nas vivendas cercanas).

O **Sr. Alcalde en funcións** di que proximamente pasarase coas máquinas para arranxar a limpeza do parque infantil de Sabucedo, así como para a colocación dunha barandilla para que non entren os animais nesa zona e se procederá á limpeza da cuneta en A Touxeira - Souto.

Inicia o seu turno a Concelleira de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco**, preguntando que se vai a facer para solucionar o problema de atasco de auga en Souto, levando xa dous anos pendentes de que se dea autorización para cortar a estrada e conectar a tubería que baixa do monte para levar a auga ás vivendas, e os veciños xa están cansados de esperar por unha contestación do goberno, despois de que o Sr. Alcalde se comprometera a tramitar a solicitude coa Xunta de Galicia, ademais de prometer que o Concello correría cos gastos do corte desa estrada. Polo dito, pregunta en que estado está esa tramitación, se o Concello correrá cos gastos ou serán os propios veciños, se se tramitou a solitude polo Concello (tal como prometeu o Alcalde) o teñen que facela eles, en definitiva, queren saber como facer para acometer as obras da traída despois de 2 anos esperando, sobre todo tendo en conta que a traída actual é antiga e, en calquera momento, pode romperse.

Resposta o **Sr. Alcalde en funcións** que se trata dunha traída veciñal, polo que os propios veciños teñen que correr cos gastos, outra cousa é que o Concello poida colaborar o facilitar a tramitación da obra, prometendo que se porá en contacto coa Xunta para axilizar a autorización, procedendo a contestarlle por escrito todo o que se faga de agora en adiante.

A **Sra. Mar Blanco** plantexa outra pregunta xa feita na sesión plenaria anterior, a cal é se no Punto Limpo hai auga e luz, porque a auga estaba enganchada ao Matadoiro e dende que este deixou de funcionar tamén se cortou o subministro deste servizo ao Punto Limpo.

O **Sr. Alcalde en funcións** responde que xa se restableceu o servizo de subministro de auga e, en canto á electricidade, lle contestará por escrito xa que o descoñece.

Pide a palabra o Concelleiro do BNG, **Sr. Xosé Magariños**, para trasladar, en primeiro lugar, a solicitude duns veciños da Estrada para que sexan retirados uns contedores de roupa e vidro sitos no medio da beirarrúa na Praza do Mercado, á altura da Farola, porque obstrúen o paso.

En segundo lugar insiste que sexa retirado o cableado do alumado das festas, salvo que sexa unha nova política do grupo de goberno o autorizar ás empresas para que o deixen dun ano para outro, en todo caso pide que o Concello actúe de oficio e retira dito cableado e despois pase a factura á empresa responsable.

En terceiro lugar reitera que a rotulación da sinal que regula o tráfico na entrada da Escola Infantil sexa corrixida, porque non se trata dunha Gardería, senón dunha Escola Infantil.

Resposta o **Sr. Alcalde en funcións**, con respecto aos contedores existentes na bairarrúa da Praza do Mercado, no día de hoxe foi a ver onde se poderían reubicar e mañán se colocarán, provisionalmente, nunha praza de aparcamento ata que se lle busque unha ubicación definitiva e máis adecuada, porque nesa zona, debido á celebración da feira dos sábados, deixa pouco sitio para colocalos. Con respecto á sinal da Gardería, di que canto antes será substituída por outra coa denominación adecuada. No que se refire ao cableado eléctrico do alumado das festas patronais, se volverá a instar á empresa responsable para que o retire.

Antes de finalizar a sesión o **Sr. Alcalde en funcións**, dentro do Regulamento de Participación Cidadán, pregunta se hai algunha persoa, previa identificación con DNI, que queira intervir.

Intervén o **Sr. José Manuel Pombo Mato (DNI 76858719X)** para pedir que se limpe o camiño que transcorre ao carón da súa casa así como a parcela que limita coa súa vivenda

O **Sr. Alcalde en funcións** promete que buscará a maneira de solucionar o problema.

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros e do público asistente, levántase a sesión ás vinte e unha horas quince minutos.

A Estrada, 3 de novembro de 2016
A SECRETARIA ACCTAL.,

Asdo.: M^a Jesusa Fernández Bascuas